

INDUBIDABLE

- **Categoría gramatical:** adxectivo cualificativo dunha terminación (invariable ou común en canto ao xénero) singular
- **Tipo de palabra:** derivada (existe *dubidable* > *indubidable*)
- **Estrutura:**
 - **In-:** MD prefixo; negación
 - **-dubid-:** lexema
 - **-a-:** VT
 - **-ble:** MD sufixo adxectivador; “calidade de”
 - **-Ø:** MF número

RESPECTABILIDADE

- **Categoría gramatical:** substantivo feminino (xénero inherente) singular
- **Tipo de palabra:** derivada
- **Estrutura:**
 - **Respect-:** lexema
 - **-a-:** VT
 - **-bil-:** MD sufixo adxectivador [é unha variante (alomorfo) do sufixo *-ble* → *amable* → *amabilidade*]
 - **-idade:** MD sufixo substantivador; “calidade de ou carácter de”
 - **-Ø:** MF número

ACALORADAMENTE

- **Categoría gramatical:** adverbio modal; palabra invariable
- **Tipo de palabra:** derivada a partir dunha parasintética; fórmase engadindo o sufixo *-mente* ao adxectivo cualificativo na súa forma feminina.
- **Estrutura:**
 - **A-:** MD prefixo parasintético xunto co morfema derivativo < ACALORADO
 - **-calor-:** lexema
 - **-a-:** VT
 - **-d-:** morfema de participio que expresa “coa calidade de” ou morfema derivativo sufixo adxectivador *-d* (o/a)
 - **-a-:** MF xénero (inda que aquí no ten valor de morfema de xénero pois os adverbios son palabras invariables).
 - **-mente:** MD sufixo formador de adverbios.

INEXPLICABLE

- **Categoría gramatical:** adxectivo cualificativo dunha soa terminación (común en canto ao xénero) singular.
- **Tipo de palabra:** derivada
- **Estrutura:**
 - **In-:** MD prefixo; negación
 - **-explic-:** lexema
 - **-a-:** VT
 - **-ble:** MD sufixo; “calidade de”
 - **-Ø:** MF número

ENCOLERIZADA

- **Categoría gramatical:** adxectivo cualificativo feminino singular
- **Tipo de palabra:** *cólera* > *en-coler-izar(se)* (parasintética) > *encolerizado*.
- **Estrutura:**
 - **En-:** MD prefixo; interioridade (“entrar en cólera”)
 - **-coler-:** lexema
 - **-iz-:** MD sufixo verbalizador; valor axectivo: “facer + lexema”
 - **-a-:** VT
 - **-d-:** morfema de participio que expresa “coa calidade de” ou morfema derivativo sufixo adxectivador *-d* (o/a)
 - **-a:** MF xénero
 - **-Ø:** MF número

SUBDESENVOLVIDO

- **Categoría gramatical:** adxectivo cualificativo masculino singular
- **Tipo de palabra:** derivada (*envolver* > *envolvido* > *desenvolvido* > *subdesenvolvido*)
- **Estrutura:**
 - **Sub-:** MD prefixo; “por debaixo de”
 - **-des-:** MD prefixo; “reversión de un proceso”
 - **-envolv-:** lexema
 - **-i-:** VT
 - **-d-:** morfema de participio que expresa “coa calidade de” ou morfema derivativo sufixo adxectivador *-d* (o/a)
 - **-o-:** MF xénero
 - **-Ø:** MF número

DESATINADA

- **Categoría gramatical:** adxectivo cualificativo feminino singular
- **Tipo de palabra:** derivada (*tino* > *a-tin-ar* (parasintética) > *desatinar* > *desatinado*)
- **Estrutura:**
 - **Des-:** MD prefixo; negación
 - **-a-:** MD prefixo; “posuír unha calidade ou estado”
 - **-tin-:** lexema

- **-a-:** VT
- **-d-:** morfema de participio que expresa “coa calidade de” ou morfema derivativo sufixo adxectivo –*d* (o/a))
- **-a:** MF xénero
- **-Ø:** MF número

INOFENSIVO

- **Categoría gramatical:** adxectivo cualificativo masculino singular
- **Tipo de palabra:** derivada
- **Estrutura:**
 - **In-:** MD prefixo; “negación, privación”
 - **-ofens-:** lexema
 - **-iv-:** MD sufixo; forma adxectivos; “capacidade ou inclinación a”
 - **-o:** MF xénero
 - **-Ø:** MF número

DESCOÑECIDO

- **Categoría gramatical:** adxectivo cualificativo masculino singular / participio simple
- **Tipo de palabra:** derivada
- **Estrutura:**
 - **Des-:** MD prefixo; “negación”
 - **-conoc-:** lexema
 - **-i-:** VT
 - **-d-:** morfema de participio que expresa “coa calidade de” ou morfema derivativo sufixo adxectivo –*d* (o/a))
 - **-ou:** MF xénero
 - **-Ø:** MF número

PORVIR

- **Categoría gramatical:** substantivo masculino (xénero inherente) singular
- **Tipo de palabra:** existen interpretacións diferentes á hora de analizar o caso dunha preposición como *por*: para algúns trataríase dun prefixo e polo tanto, estaríamos ante un caso de palabra derivada; para outros, trataríase dunha palabra, pois cambia a categoría da palabra á que se une, comportamento inhabitual nos prefixos, e polo tanto estaríamos ante unha palabra composta.
- **Estrutura:**
 - **Por-:** MD prefixo
 - **-v-:** lexema
 - **-i-:** VT
 - **-r:** morfema de infinitivo
 - **-Ø:** MF número

CIVILIZACIÓN

- **Categoría gramatical:** substantivo masculino (xénero inherente) singular
- **Tipo de palabra:** derivada
- **Estrutura:**
 - **Civil-:** lexema (inda que se podería segmentar así tamén: *civ-il*)
 - **-iz-:** MD sufixo; valor axectivo: “facer + lexema”
 - **-a-:** VT
 - **-ción:** MD sufixo substantivador; “acción, proceso, resultado”
 - **-Ø:** MF número

UNIVERSALIDADE

- **Categoría gramatical:** substantivo feminino (xénero inherente) singular
- **Tipo de palabra:** derivada
- **Estrutura:**
 - **Univers-:** lexema
 - **-al-:** MD sufixo que forma adxectivos; “relativo ou pertencente a”
 - **-idade:** MD sufixo que forma substantivos; “calidade de”
 - **-Ø:** MF número

UNIFORMIDADE

- **Categoría gramatical:** substantivo feminino (xénero inherente) singular
- **Tipo de palabra:** derivada de *uni-forme* (composta)
- **Estrutura:**
 - **Uni-:** lexema
 - **-form-:** lexema
 - **-idade:** MD sufixo que forma substantivos; “calidade de”
 - **-Ø:** MF número

INDEPENDENTE

- **Categoría gramatical:** adxectivo cualificativo dunha terminación (invariable ou común en canto ao xénero) singular
- **Tipo de palabra:** derivada
- **Estrutura:**
 - **In-:** MD prefixo; “negación ou privación”
 - **-depend-:** lexema
 - **-e-:** VT (*depend-e-r* > *depend-e-nte* > *independinte*)
 - **-nte:** MD sufixo adxectivo; achega o sentido de axente.
 - **-Ø:** MF número

INMEMORIAL

- **Categoría gramatical:** adxectivo cualificativo dunha terminación (invariable ou común en canto ao xénero) singular
- **Tipo de palabra:** parasintética
- **Estrutura:**
 - **In-:** MD prefixo; “negación, privación”
 - **-memori-:** lexema
 - **-al:** MD sufixo adxectivador; “relativo ou pertencente a”
 - **-Ø:** MF número

INNUMERABLES

- **Categoría gramatical:** adxectivo cualificativo dunha terminación (invariable ou común en canto ao xénero) plural
- **Tipo de palabra:** derivada
- **Estrutura:**
 - **In-:** MD prefixo; “negación, privación”
 - **-numer-:** lexema
 - **-a-:** VT
 - **-ble-:** MD sufixo adxectivador; “calidade de”
 - **-s:** MF número

NECROFILIA

- **Categoría gramatical:** substantivo feminino (xénero inherente) singular
- **Tipo de palabra:** composta: formada por dúas raíces cultas.
- **Estrutura:**
 - **Necro-:** raíz prefixa culta; “morto”
 - **-filia:** raíz sufixa culta; “amizade, inclinación”

OMNIPOTENTE

- **Categoría gramatical:** adxectivo cualificativo dunha terminación (invariable ou común en canto ao xénero) plural
- **Tipo de palabra:** poderíase analizar como unha palabra composta formada por una raíz prefixa culta e o adxectivo *potente*
- **Estrutura:**
 - **Omni-:** raíz prefixa culta; “todo”
 - **-pot-:** lexema
 - **-e-:** VT (verbo “pod-e-r”)
 - **-nte:** MD sufixo; forma adxectivos; valor de “axente”
 - **-Ø:** MF número

CUXA

- **Categoría gramatical:** determinante relativo
- **Tipo de palabra:** palabra simple. Morfema gramatical libre.
- **Estrutura:**
 - **Cux-:** raíz
 - **-a-:** MF xénero (entra en oposición con *cux-o*)
 - **-Ø:** MF número (entra en oposición con *cuxa-s*)

AUTODESTRUCCIÓN

- **Categoría gramatical:** Substantivo feminino (xénero inherente) singular
- **Tipo de palabra:** Esta palabra pódese explicar de diferentes maneiras: como palabra composta formada por unha raíz prefixa culta e o substantivo *destrución* ou como derivada de *autodestruír(se)*.
- **Estrutura:**
 - **Auto-:** raíz prefixa culta; “por si mesmo”
 - **-destru-:** lexema
 - **-ción:** MD sufixo; forma substantivos; “acción ou proceso”
 - **-Ø:** MF número

INCAPACITACIÓN

- **Categoría gramatical:** Substantivo feminino (xénero inherente) singular
- **Tipo de palabra:** derivada
- **Estrutura:**
 - **In-:** MD prefixo; “negación, privación”
 - **-capac-:** lexema
 - **-it-:** MD sufixo segundo algúns; para outros, sería un interfixo.
 - **-a-:** VT
 - **-ción:** MD sufixo; forma substantivos; “acción ou proceso”
 - **-Ø:** MF número

PRODUTORES

- **Categoría gramatical:** substantivo masculino plural
- **Tipo de palabra:** derivada
- **Estrutura:**
 - **Produ-:** lexema
 - **-tor-:** MD sufixo substantivador; “axente”
 - **-Ø:** MF xénero (*produtor- Ø / produtor-a*)
 - **-es:** MF número

ANTICRISTO

- **Categoría gramatical:** substantivo masculino (xénero inherente) singular
- **Tipo de palabra:** derivada
- **Estrutura:**
 - **Anti-:** MD prefixo; “oposición, contrariedade”
 - **-cristo:** lexema
 - **-Ø:** MF número

SOBREPOÑERSE

- **Categoría gramatical:** Infinitivo do verbo pronominal “sobrepoñerse”
- **Tipo de palabra:** derivada
- **Estrutura:**
 - **Sobre-:** MD prefixo; “outra vez”
 - **-poñ-:** lexema
 - **-e-:** VT
 - **-r-:** Morfema de infinitivo
 - **-se:** Morfema de verbo pronominal.

RESULTANDO

- **Categoría gramatical:** xerundio simple
- **Tipo de palabra:** palabra simple
- **Estrutura:**
 - **Result-:** lexema
 - **-a-:** VT
 - **-ndo:** morfema de xerundio

REXUVENECER

- **Categoría gramatical:** Infinitivo
- **Tipo de palabra:** Parasintética
- **Estrutura:**
 - **Re-:** MD prefixo; “repetición”
 - **-xuen-:** Lexema
 - **-ec-:** MD sufixo; forma verbos; valor incoativo: “acción no seu comezo”
 - **-e-:** VT
 - **-r:** morfema de infinitivo

DESENCADear

- **Categoría gramatical:** infinitivo
- **Tipo de palabra:** palabra derivada.
- **Estrutura:**
 - **Des-:** MD prefixo; “negación, inversión”
 - **-en-:** MD prefixo; “factitividade”, “interioridade”
 - **-cade-:** lexema
 - **-a-:** VT
 - **-r:** morfema de infinitivo

VERBOS EN FORMAS CONXUGADAS (ENTRARÁN CO TEMA DO VERBO)

CONSINTEN

- **Categoría gramatical:** 3ª persoa do plural do presente de indicativo do verbo consentir
- **Tipo de palabra:** derivada (*sentir* > *consentir*)
- **Estrutura:**
 - **Con-:** MD prefixo; “reunión, cooperación, agregación”; porén, neste caso o prefixo realmente está xa perfectamente soldado ao lexema e non se percibe como tal prefixo.
 - **-sent-:** Lexema
 - **-e-:** VT
 - **-Ø-:** MF (TMA)
 - **-n:** MF (NP)

CONTEMPLABAN

- **Categoría gramatical:** 3ª persoa do plural do pretérito imperfecto de indicativo do verbo “contemplar”
- **Tipo de palabra:** simple → o normal sería analizala así, pois non é probable que se identifique que *contemplar* procede por parasíntese de *templo*
- **Estrutura:**
 - **Contempl-:** lexema
 - **-a-:** VT
 - **-ba-:** MF (TMA)
 - **-n:** MF (NP)

DEBERÍA VOLVER

- **Categoría gramatical y tipo de palabra:** 1ª/3ª persoa do singular do pospretérito de indicativo da perífrase verbal modal de obrigación “deber volver”, formada polo verbo auxiliar “deber”, que achega os significados gramaticais de tempo, modo, aspecto, número e persoa, e o verbo principal en infinitivo “volver”. O verbo principal é unha palabra simple.
- **Estrutura:**
 - **Deb-:** lexema
 - **-e-:** VT
 - **-ría-:** MF (TMA)
 - **-Ø:** MF (NP)
 - **Volv-:** lexema
 - **-e-:** VT
 - **-r:** morfema de infinitivo

Flocos que quedaron da análise morfolóxica.

Como a liberdade ao final non se xestiona de todo ben, despois de consultar diferentes manuais e as opcións que daban imos deixar destes xeito as COMPOSTAS e os ADXECTIVOS/PARTICIPIOS

MATARRATAS : MAT- A - RRAT- A - S
lex vt lex xº nº

Ou sexa, coas palabras tipo CESTO/CESTA hai unha base de significado común inda que co cambio de xénero haxa un pequeno matiz no cambio de significado. É moi diferente do exemplo CASA/CASO, en que non teñen orixe en común.

Deixaremos unha análise máis simple MATA-RRATAS para o primeiro ciclo da ESO, algo que vós xa tedes superado.

Caso de, por exemplo, COCIÑADO. Se non hai contexto non poderemos saber se se trata dun participio ou dun adxectivo.

Se analizamos coma se fose un ADXECTIVO

COCIÑ - A-D- O

Se analizamos coma se fose un PARTICIPIO

COCIÑ-A-DO